



# GUÍA DE SERVIZOS DE EMERXENCIA SOCIAL DE OURENSE

*en lectura fácil*



Elaboración: PENSAR CONSULTING S.A.L.

Edición: FADEMGA Plena Inclusión Galicia

Coordinación da guía: Laura Sánchez (FADEMGA Plena inclusión)

Adaptación a Lectura Fácil: Dolores Portela (FADEMGA Plena inclusión)

Diseño e maquetación: Elena Muíños | viradela.com

Validación de textos e imaxes: Equipo de validación de  
FADEMGA Plena inclusión Galicia



© Inclusion Europe.

Máis información en:  
<http://www.inclusion-europe.eu/>



# Índice

Para que serve esta guía?.....	5
Como podes pedir un servizo de emerxencia social? .....	10
Servizos de emerxencia en Ourense .....	13
Oficinas de información .....	15
Lugares para durmir .....	21
Axudas para comer .....	25
Roupeiros .....	29
Axudas para o aseo .....	33
Axudas para persoas que consumen drogas .....	37
Axudas para mulleres .....	41
Oficinas de axudas para persoas doutro país .....	45


# GUÍA DE SERVICIOS DE EMERXENCIA SOCIAL

*en lectura fácil*



## Para que serve esta guía?

Este documento explica os servizos de emerxencia social que podes encontrar en Ourense.



Os servizos de emerxencia social son concellos e asociacións que axudan ás persoas que teñen problemas graves e que necesitan axuda urxente. Estas persoas están en situación de emerxencia social.

As persoas en situación de emerxencia social poden ser por exemplo:

- Persoas que teñen poucos cartos para vivir e para comer.
- Persoas que sofren discriminación.  
Unha persoa sofre discriminación cando a tratan peor por ter discapacidade, por ser doutro país ou por pensar diferente.
- Persoas que consumen algunha droga.
- Mulleres vítimas de violencia de xénero.

As persoas en situación de emerxencia social necesitan axuda urxente por exemplo para comer, para ter tratamento contra as drogas ou para ter un sitio onde durmir.

Case todos os servizos de emerxencia social son gratis pero algúns servizos costan poucos cartos.

Todas as persoas poden usar os servizos de emerxencia social cando os necesitan.

Para utilizar os servizos de emerxencia social as persoas necesitan saber onde están estes servizos e como funcionan.

Algunhas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento poden necesitar os servizos de emerxencia social.

Por iso, este documento está escrito en lectura fácil. A lectura fácil é unha forma de escribir textos para que sexan máis fáciles de entender.

Explicamos os diferentes tipos de servizos de emerxencia social que podes encontrar na cidade de Ourense.

**Cada servizo ten unha cor diferente.**




**Oficinas de información**



**Lugares para durmir**



**Axudas para comer**



**Roupeiros**



**Axudas para o aseo**



**Axudas para as persoas  
que consumen drogas**



**Axudas para mulleres**



**Oficinas de axudas para  
persoas doutro país**

## Como podes pedir un servizo de emerxencia social?

Para pedir un servizo de emerxencia social durante a pandemia do coronavirus tes que seguir os seguintes pasos:



### Paso 1:

Pensa ben a axuda que queres pedir. Tes que explicar ben a axuda que necesitas ás persoas do servizo de emerxencia social.



### Paso 2:


Chama por teléfono ao servizo de emerxencia social que necesitas para pedir unha cita.



O servizo de emerxencia pode tardar en contestar che porque moitas persoas necesitan axuda.



Algúns servizos de emerxencia social poden estar pechados polo coronavirus.



### **Paso 3:**

Vai ó servizo de emerxencia social o día e a hora da túa cita.

Tes que levar posta unha máscara e cumprir a normas de hixiene polo coronavirus.



Tamén tes que levar o teu DNI, o teu NIE ou o teu pasaporte. O NIE é o DNI para persoas doutros países.

### **Paso 4:**

Nalgúns servizos de emerxencia social faranche unha entrevista para preguntarche pola túa situación.




Tamén poden pedirche outros documentos por exemplo a cartilla do paro ou a declaración da renda.





# GUÍA DE SERVIZOS DE EMERXENCIA SOCIAL

*en lectura fácil*



# Ourense





# Ourense



## Oficinas de información

Nas oficinas de información explícanche os pasos que tes que dar para pedir as axudas de emerxencia social.

Os concellos teñen estas oficinas de información. As traballadoras e traballadores sociais dos concellos son as persoas que che dan a información sobre as axudas de emerxencia social.

Moitas asociacións tamén dan información sobre estas axudas por exemplo Cáritas ou Cruz Vermella.



## Oficinas de información

### **Unidade Interdisciplinar de Intervención Social A Ponte**

 Rúa Eulogio Gómez Franqueira, 43,  
3º andar.

 988 511 907



#### **Horario:**

Luns a venres

de 8:00 da mañá a 3:00 da tarde

### **Unidade Interdisciplinar de Intervención Social Casco Vello**

 Rúa Colón, 18-20.

 988 393 107



#### **Horario:**


Luns a venres


de 8:00 da mañá a 3:00 da tarde

# Ourense

## Unidade Interdisciplinar de Intervención Social Centro


 Rúa Bernardo González Cachamuiña,  
11-13 baixo.


 988 782 914

 **Horario:**  
Luns a venres  
de 8:00 da mañá a 3:00 da tarde

## Unidade Interdisciplinar de Intervención Social Couto

 Rúa Francisco de Moure, 2 baixo.

 988 220 856

 **Horario:**  
Luns a venres  
de 8:00 da mañá a 3:00 da tarde



## Oficinas de información

### Cáritas Ourense

 Praza Bispo Cesáreo, s/n.

 988 236 819



#### Horario:

Luns a xoves


de 8:30 da mañá a 2:00 da tarde  
e de 4:00 a 7:00 da tarde

Venres

de 8:30 da mañá a 2:00 da tarde

### Cruz Vermella

 Rúa Díaz de la Banda, 40.

 988 222 484



#### Horario:


Luns a venres


de 8:00 da mañá a 3:00 da tarde  
e de 5:00 a 7:00 da tarde

# Ourense

## APES Prevención e Educación Social

 Marcelo Macías, 26 baixo.

 988 107 629

 **Horario:**  
Luns a venres  
de 9:00 da mañá a 2:00 da tarde  
e de 4:00 a 5:30 da tarde



# Ourense



## Lugares para durmir

Son unha axuda para as persoas que non teñen onde vivir.

Neles podes durmir, almorzar e cear durante uns días.

Tamén podes lavarte e lavar a túa roupa.

Os lugares para durmir poden ser:

Albergues:


Podes ir ao albergue o día que o necesites.

Algúns albergues pídenche un certificado médico para poder entrar.

Fogares e residencias:

Para entrar nos fogares e residencias as profesionais destes servizos valoran a túa situación e deciden se che dan unha praza.

Cada lugar decide o número de días que podes estar nel.





Lugares para dormir

# Ourense

## Fogar do Transeúnte

 Praza do Trigo, 1.

 988 230 765

 **Horario:**  
Entrada, luns a domingo  
de 8:00 da tarde a 10:00 da noite.  
Saída do albergue,  
9:00 da mañá.



# Ourense



## Axudas para comer

As axudas para comer son:

- **Comedores:**

Podes ir a buscar comida ós comedores pola mañá ou a mediodía.

Agora non podes comer no comedor, na maioría tes que comer fóra.

- **Reparto de bebida quente e comida:**

Algunhas asociacións dan bebida quente e algo de comer polas mañás e polas tardes.

Tes que ir á asociación e pedir a bebida e a comida.

- **Reparto de alimentos:**

Algunhas asociacións reparten alimentos sen preparar cada 15 ou 20 días.

Tes que ir á asociación e anotarte para recibir os alimentos.


Algunha asociación vaiche pedir algún documento para anotarte.




## Axudas para comer

### **Comedor Social de Cáritas**


 Paseo Mestre Vide, 2.

 988 512 235

 **Horario:**  
Luns a domingo  
de 1:00 a 2:10 do mediodía

### **Calor-Café do Comité Cidadán AntiSida**

 Rúa Peña Trevinca, 22. Sótano 2º.

 988 233 000

 **Horario:**  
Luns a venres  
de 9:00 da mañá a 3:00 da tarde

# Ourense

## Sociedade San Vicente de Paul Ourense


 Rúa Alfonso X el Sabio, 19 baixo.

 667 510 879

 **Horario:**  
Consultar horarios



# Ourense



## Roupeiros

Os roupeiros son lugares que reparten roupa gratis.

Algunhas asociacións danche a ti as prendas de roupa.


Noutras asociacións danche un vale para cambialo por roupa nas súas tendas por exemplo Cáritas.





Roupeiros

# Ourense

## Roupeiro Social Cáritas

 Praza 1000, Bloque 8 baixo.

 988 603 644

 **Horario:**  
Luns a venres  
de 9:00 da mañá a 1:00 da tarde



# Ourense



## Axudas para o aseo

Algunhas asociacións teñen duchas, produtos de aseo e lavandaría para lavar a roupa.

Outras asociacións tamén reparten preservativos ou cambian xiringas usadas por xiringas novas.

Estas axudas son sobre todo para persoas que viven na rúa.





Axudas para o aseo

# Ourense

## Fogar do Transeúnte

 Praza do Trigo, 1.

 988 230 765

 **Horario:**  
Consultar horarios



# Ourense

## Axudas para as persoas que consumen drogas



Algunhas asociacións axudan ás persoas que consumen drogas a deixar as drogas.


Outras asociacións axudan a estas persoas a buscar traballo, facer cursos ou a solucionar os seus problemas coa xustiza.



## Persoas que consumen drogas

### **Unidade de Condutas Adictivas Hospital Santa María Nai**

 Rúa Ramón Puga, 52-56.

 988 369 828 / 988 369 829




#### **Horario:**

Luns a venres

de 9:00 da mañá a 2:00 da tarde

### **Centro Asistencial As Burgas**

 Rúa Ramón Puga, 52.

 988 369 828 / 988 369 829





#### **Horario:**

Luns a venres

de 9:00 da mañá a 2:00 da tarde

### **ATOX asociación ourensana de axuda ao toxicómano**

 Rúa do Paseo, 15.

 988 372 253 / 988 374 657  
698 148 968




#### **Horario:**

Luns a venres


de 8:30 da mañá a 2:30 da tarde

# Ourense

## Proxecto Home Ourense

 Pazo de Guizamonde, s/n.


 988 371 192

 **Horario:**  
Luns a venres  
de 9:30 da mañá a 1:30 da tarde  
e de 4:00 a 7:00 da tarde.

## Narcóticos Anónimos


 Rúa Santa Teresita, 2A. Parroquia.


 619 749 046

 **Horario:**  
Luns, mércores e venres  
ás 8:00 da noite.

## Cadabullo

 Avenida da Habana, 24.

 988 686 374

 **Horario:**  
Consultar horarios




# Ourense

## Axudas para mulleres



As axudas para as mulleres que sofren violencia de xénero son:

- Información e apoio para pedir axudas económicas.
- Acompañamento a poñer unha denuncia na policía, nos xuízos ou para ir ós médicos.
- Casas de acollida para vivir.




## Axudas para mulleres

### Centro de Información ás Mulleres


 Rúa do Ensino, 24.


 988 393 191

 **Horario:**  
Luns a venres  
de 8:30 da mañá a 2:30 da tarde

### Centro Alumar

 Praza Eironciño dos Cabaleiros, 1C.

 988 244 650

 **Horario:**  
Luns a xoves  
de 8:30 da mañá a 3:30 da tarde,  
e de 4:00 a 7:00 da tarde.

Venres  
de 8:30 da mañá a 3:00 da tarde

# Ourense

## Fundación Amaranta



Rúa do Progreso, 121.



988 371 154

680 107 945. Podes chamar  
a este número a calquera hora



### Horario:

Luns a xoves

de 8:00 da mañá a 6:00 da tarde.

Venres

de 8:00 da mañá a 2:00 da tarde



# Ourense

## Oficinas de axudas para persoas doutro país



Estas oficinas axudan ás persoas doutros países a:

- Conseguir un NIE.  
O NIE é un DNI para persoas doutros países.
- Facer cursos para poder traballar.
- Buscar traballo.
- Conseguir unha vivenda.

Tamén axudan ás persoas que escapan do seu país e piden protección a Galicia.



## Persoas doutro país

### Programa de Atención a Inmigrantes

 Bispo Carrascosa, 8 baixo.


 988 388 133


 **Horario:**  
Martes e xoves con cita previa.

# Ourense

## Fundación Juan Soñador Programa Teranga

 Rúa Peña Trevinca, 8 baixo.

 988 511 674  
636 964 509

 **Horario:**  
Luns a venres  
de 9:30 da mañá a 1:30 da tarde.  
Martes de 4.00 a 7:00 da tarde.

Esta guía fíxose desde o programa de **Collendo impulso cara a inclusión** de FADEMGA Plena inclusión Galicia.

FADEMGA Plena inclusión Galicia é unha federación que apoia a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias.

O programa de Collendo impulso quere axudar ás persoas con discapacidade intelectual que están en risco de exclusión social.

## **FADEMGA Plena inclusión Galicia**

 Vía Pasteur, 53. Polígono do Tambre.  
Santiago de Compostela

 981 519 650



**Horario:** De luns a venres  
De 9:00 da mañá a 2:00 da tarde e de 4:00 a 7:00 da tarde

## **FADEMGA Plena inclusión Galicia Ourense**

 Rúa a Granxa, 54, Ourense

 988 39 13 52



**Horario:** De luns a venres  
De 9:00 da mañá a 2:00 da tarde e de 4:00 a 7:00 da tarde

